

FUNCIÓNS DO ORIENTADOR/ORIENTADORA

1.- Identificar as necesidades educativas

A principal función dos orientadores nesta etapa (desde o meu punto de vista) é a de identificar as necesidades educativas: no centro, nas aulas e nos alumnos.

Non facemos diagnósticos clínicos, temos a exclusividade de detectar e “certificar” necesidades educativas en xeral e específicas de apoio e especiais en particular. Para elo realizamos a avaliación psicopedagóxica, compartida con outros profesionais, pero que finalmente “firmamos” os orientadores.

2.- Asesoramento psicopedagóxico ao profesorado

A segunda función que desenvolvemos é o asesoramento psicopedagóxico ao profesorado. Asesorar psicopedagóxicamente implica ofrecer criterios, pautas, fundamentos, recursos pedagóxicos e psicolóxicos, que serven para que se tomen as decisións oportunas.

Non sinalamos a dirección a seguir: aportamos información para que se tomen as decisións xa que no último termo, os orientadores non temos un “poder executivo”.

3. Asesoramento ás familias no seu labor educativo

O apoio ás familias e o asesoramento no seu labor educativo é outra función profesional de primeira orde. Atender ás familias, asesoralos, proporcionarlles apoio forma parte do núcleo da nosa profesión. A atención ás familias con fillos con necesidades educativas especiais debe ser prioritaria polas implicacións educativas e sobre todo emocionais que conleva.

As familias nunca deberían queixarse de que non somos accesibles ou de que poñemos impedimentos para recibilos e atendelos.

4. Coordinación con outros recursos

A cuarta función que temos os orientadores é a da coordinación de recursos internos e, sobre todo, externos aos centros.

A coordinación con servizos médicos, como pediatras, unidades de saúde mental infantil, neuropediatras, cos servizos sociais e con outros recursos da comunidade forma parte do noso labor.

Coordinar supón repartir e compartir obxectivos, información e recursos.

CONCLUSIÓN

Recopilando, os profesionais da orientación en Infantil e Primaria temos as seguintes liñas de acción ou funcións:

1. Identificar as necesidades educativas
2. Asesoramento psicopedagóxico ao profesorado
3. Asesoramento ás familias no seu labor educativo
4. Coordinación con outros recursos

Considero que mentres haxa familias que necesitan atención, nenos que esperan ser avaliados ou cuestións que requiren asesoramento, non podemos priorizar outras tarefas e actividades. Esta é a miña visión do que debe ser o profesional da orientación.